

Desde comezos de ano, a etiqueta de 'feito en Pontevedra' pégase ó liso vidro de varias cervexas artesanais. Unha marabillosa bebida tanto para o verán coma para calquera outra época do ano. As cervexas máis especiais e persoais xerminan na provincia costeira para dar un capri-cho ós paladares máis exquisitos, que se aventuren a adiviñar os saborosos grolos do mimado líquido. Tostada, amarga, con mel, torrefacta e doce son algúns dos moitos gustos que regalan ós máis cervexeiros as diferentes receitas desta bebida.

Pontevedra verte artesaní

[repOrtaxe] **Descoñecidas** para os seus propios veciños, dúas localidades pontevedresas agochan as máis tradicionais fábricas de cervexa. Ademais do ben coñecido viño, nas Rías Baixas, as adegas Menguíña e Saramagal miman outra fascinante bebida

[escribe **Iria Valcarce** | fotografías **Rafa Estévez, Javier Cervera-Mercadillo**]

